



Sta. Cristina
da Ramallosa

Na Escritura de partillas de Igrexas e facendas feita entre o Reverendo Bispo e Cabido de Tui en 1º de Decembro de 1156 faise mencion en terra de Miñor de Sta. Cristina de Mineore, que é a presente parroquia, e é nomeada así por concluír nela o seu curso introducíndose na mar o Río Miñor ou Minor. No ano 1244 o Sor. Bispo Dn. Lucas 1º. outorgou concordia co Prelado da Ramallosa sobre dereitos desta Igrexa: o Rei Dn. fernando 4º. e a súa esposa Da. Constanza no de 1297 concederon ao Bispo de Tui o padroado da Ramallosa. Venera por Patroa tutelar a Sta. Cristina Virxe e Mártir italiana (234), a quen celebran a súa festa o 24 de Xullo. Habitana 162 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gobernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Importan os seus décimos 18.000 reais que por enteiro levanta o Párroco: o que ten casa reitoral e igrexario de 33 ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual 20 ferrados de millo. A fábrica da Igrexa cobra en censos 55 reais. Pagaba antes á Dignidade Episcopal de Tui 92 soldos leoneses 110 marabedis vellos e 4 diñeiros, e hoxe o fai de 18 ferrados de trigo, e ao Arceobispo de Miñor 3 de millo. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Atópase aquí a famosa ponte da Ramallosa fabricada por noso Patrón Sn. Pedro Telmo. Dista da Capital 3 leguas menos cuarto. (ÁVILA Y LA CUEVA, 497-498).





Igrexa parroquial (233)

Antigamente pertencía á parroquia de Borreiros.

A igrexa actual fíxose segundo os planos do arquitecto vigués José Franco Montes.

Comezou a construírse no ano 1915 e foi consagrada en 1921.

O terreo e gran parte dos fondos foron aportados polo benfeitor Sr. Valverde, un emigrante que fixo moitas doazóns nesta parroquia.



Da antiga igrexa románica, con portada neoclásica, consérvase só unha interesante **porta**, que hoxe dá paso á sancristía.

A porta é de dobre arquivolta con directriz semicircular, a interior formada por baquetóns e a exterior cun chafrán decorado con bolas.

As columnas son exentas, cos seus fustes monolíticos e as bases enterradas.

Un dos **capiteis** (237) da esquerda ten representación animal, os outros son todos vexetais.





O que máis chama a atención é o **tímpano (236)**. No centro ten un home coa man dereita no peito e na esquerda un libro aberto. Vai vestido cunha larga túnica e esta sobre un pequeno montículo.

O resto do relevo son dúas cruces de Santo André feitas de entrelazas a ámbolos lados inferiores do personaxe, e na parte superior o que podería ser a estilización dunha árbore e unha flor de cinco pétalos enmarcada nun círculo.

Da igrexa actual podemos destacar a **torre campanario (235)**, apuntada ao estilo neogótico, que cobre os ocos con celosías e as **vidreiras** que mostran o **apostolado (238-241)** e **símbolos relixiosos (242-244)**.

Nesta parroquia hai un Convento de clausura das Carmelitas Descalzas (245).

FESTAS E ROMAXES DE STA. CRISTINA

- Sta Cristina: 24 de Xullo.